



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE SETEMBRO DE 2012

#### LICENZAS

#### OUTRAS OBRAS

**LIC/77/2012.-** COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PRAZA ALVARO CUNQUEIRO 3. Rehabilitación de edificio en Praza Alvaro Cunqueiro 3.

**LIC/1139/2012.-** RAUL VIQUEIRA IGLESIAS. Reforma e rehabilitación de vivenda unifamiliar.

**3 a 97.- Propostas da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativas a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

**98.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á Aprobación inicial da modificación puntual do Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela no ámbito coñecido como Vivendas de Ramírez.**

Apróbase inicialmente a devandita modificación puntual.

**99.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á interposición do recurso contra a sentenza ditada o 31/07/2012 no PO 0754/2009. Proxecto de Compensación. SUNP-25.Roxos.**

Adóptase acordo respecto dese recurso.

**100.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á Aprobación inicial da modificación puntual do Plan parcial do SUNP-22. Castro de Abaixo no quinteiro 16.**

Apróbase inicialmente a devandita modificación puntual.

#### URXENCIAS

1.- Dáse conta da concesión dunha subvención pola Secretaría Xeral de Igualdade para programas de fomento, conciliación e apoio aos centros de información ás mulleres: 41.850 euros para o mantemento do CIM e 9.600 para programas de conciliación.

2.- Apróbase o abono por prestación de servizos extraordinarios correspondentes a marzo, abril e maio, por un importe total de 42.159 euros.

3.- Apróbase a convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais correspondentes ao ano 2012, na que se repartirán 72.000 euros.

4.- Apróbase a prorroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina, 22, destinado a centro sociocultural no Casco Histórico.

5.- Apróbase a prorroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Calzada das cancelas, 19, destinado a centro sociocultural.

6.- Apróbase a prorroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Presidente Salvador Allende, 6, destinado a oficinas de recadación municipal.

7.- Apróbase o abono do resto do prezo xusto e xuros da parcela 45 do proxecto de obras do paso inferior baixo a N-525; saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

8.- Apróbanse as bases reguladoras da concesión de cheques de consultoría para reforma de locais de negocio e implantación de TICS dentro do proxecto Urbana Santiago Norte, por un importe total de 38.000 euros.

9.- Adxudícanse as obras a executar na zona monumental, sector 26, en Sar, por importe de 24.535 euros.

10.- Adxudícanse as obras a executar na zona denominada sector 35, en Quiroga Palacios, por importe de 40.692 euros.

11.- Adxudícanse as obras a executar na zona denominada sector 27, en Amio-San Lázaro, por importe de 40.322 euros.